



# RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Expediente núm.:** 143/2026

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto do Expediente:** Selección de director para o Obradoiro dual de emprego Vía König VII

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Vista a resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A).

**Segundo.-** Vista a necesidade deste Concello de contratar a un director/a do Obradoiro dual de emprego con carácter temporal, e réxime de dereito laboral e a xornada completa.

**Terceiro.-** Á vista das bases reguladoras das probas selectivas para a provisión do posto indicado e que se adxuntan ao presente documento.

En virtude das atribucións que confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Vista a proposta de resolución PR/2026/71 de 28 de abril de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 28 de abril de 2026.

## RESOLUCIÓN

concurso-oposición, en réxime de persoal laboral temporal, durante un prazo máximo de 9 meses, a xornada completa, segundo a modalidade de contrato conforme ao previsto no Estatuto dos Traballadores e á Orde Reguladoras da axuda, segundo o artigo 11 da Orde do 14 de novembro de 2025.





**Segundo.-** Autorizar o gasto en contía de 276.588,60 euros, a que ascenden as retribucións correspondentes ás prazas obxecto da convocatoria, con cargo as seguintes aplicación orzamentarias:

Aplicación Orzamentaria	Importe
241.13100	24.263,63
241.16000	12.242,23
Importe Total	36.505,86

**Terceiro.-** Aprobar as bases e a convocatoria para a contratación mediante concurso-oposición en réxime de persoal laboral temporal, durante un prazo de 9 meses, a xornada completa, segundo a modalidade de contrato conforme ao previsto no Estatuto de traballadores e ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026. (DOG nº 228, do 25 de novembro de 2025).

**Cuarto.-** Publicar o anuncio da convocatoria e o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no taboleiro de anuncios do Concello para maior difusión e remitilas á Oficina de Emprego de Becerreá, de acordo co establecido na citada Orde.

**Quinto.-** Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión nas probas de selección, aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, e publicar a relación na sede electrónica deste Concello, outorgando aos aspirantes excluídos un prazo de dous días hábiles, a partir da publicación do anuncio para formular reclamación ou emendar os defectos que motiven a súa exclusión.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de As Nogais**

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150





BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 DIRECTOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VIA KÜNIG VII” CONCELLOS DE AS NOGAIS-BARALLA-BECERREÁ, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA AXUDA OTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión temporal en réxime laboral de 1 traballador como DIRECTOR do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VÍA KÜNIG VII. CONCELLOS DE AS NOGAIS-BARALLA -BECERREÁ ”.

A contratación está subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026. (DOG nº 228, do 25 de novembro de 2025)

Ocupación	Nº de postos	Servizo	Duración da Contratación
<b>DIRECTOR</b>	<b>1</b>	<b>Obradoiro dual de emprego “Vía Künig VII” Concellos de As Nogais-Baralla – Becerreá</b>	<b>9 Meses</b>

A selección do traballador será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 11 da Orde do 14 de Novembro de 2025 e e na Circular de instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de data 17/04/2026.

Formalizarase co persoal seleccionado un contrato mediante a modalidade de contrato, conforme o previsto no Estatuto dos Traballadores e a Orde reguladora da axuda e segundo o artigo 11 da Orde do 14 de Novembro de 2025.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Supervisar a dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.





- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarse da parte administrativa e de xestión do obradoiro.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

## **2.- MODALIDADE DO CONTRATO.-**

A modalidade do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de persoal directivo do programa de Obradoiros Duais de Emprego, segundo o establecido no artigo 11 da Orde do 14 de Novembro de 2025.

O contrato de traballo terá carácter temporal, **cunha duración de nove meses e será a xornada completa.**

De conformidade co establecido no artigo 11 da Orde do 14 de Novembro de 2025, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

<i>Ocupación</i>	<i>Servizo</i>	<i>Xornada</i>
<b>Director Obradoiro</b>	<b>Ámbito: Nos termos municipais dos Concellos de Baralla, Becerreá e As Nogais</b>	<b>Completa 100%</b>

Número de postos: 1

Número de candidatos a remitir: 3 por posto

Ocupación ou postos de traballo relacionados: Arquitecto ou arquitecto técnico

Requisitos: según bases

## **3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-**

Para ser admitidos no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

En cumprimento do establecido na Orde reguladora das axudas o persoal seleccionárase entre o preseleccionado polo Servizo Público de Emprego, segundo a oferta presentada ao efecto polo Concello de As Nogais. As persoas candidatas serán remitidas a entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva en función do artigo 12 da devandita orde da Consellería de Emprego e Igualdade.

<b>Ocupación</b>	<b>Director</b>
------------------	-----------------

### **Requisitos específicos:**

A persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:





- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- **Estar en posesión da titulación de Arquitecto ou arquitecto técnico e ter experiencia de 24 meses coa titulación.**
- **Ter experiencia como director/a ou monitor en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego de 6 meses completos.**

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

#### **4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS**

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 11 da Orde do 14 de Novembro de 2025, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os candidatos/as deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación a correspondente oferta. Unha vez remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, publicarase a correspondente lista aos efectos que legalmente preceda, tanto no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web ([www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)).

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web ([www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)).

Os/as candidatos/as desempregados/as deberán presentar no Rexistro do Concello de As Nogais a documentación sinalada nas presentes bases, xunto co Anexo I-Modelo de solicitude, ata as 14 horas do día 7 de maio de 2026 .

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados.

#### **5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN .**

O tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos, para a provisión do posto de Director estará composto por:





Presidente: D Alberto Gallego Becerra (AEDL Baralla)  
Vogais: D. Julio Lopez Veiga (Trabajador social As Nogais), D<sup>a</sup> Maria Isabel Fernandez Blanco (Funcionaria Concello Baralla), D<sup>a</sup>. María José Espin Fontal (AEDL Triacastela)  
Secretaria: D<sup>a</sup> Ana Belen Alba Gonzalez (AEDL As Nogais).  
Suplente do Presidente: D<sup>a</sup> María Carmen Díaz Fernández (AEDL Castroverde)  
Suplentes dos vogais , D. José Luis López Moure (Funcionario Samos) Dona Monica Engroba Pulido (Asistente social Baralla) D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Pilar Pérez López (Becerreá)  
Suplente do Secretario: D<sup>a</sup> Ana Fernández Reija (Funcionaria O Corgo)

A selección terá lugar o vindeiro día 13 de maio de 2026 as 9:00 horas no Centro Socio Cultural do Concello de As Nogais

O Tribunal cualificador non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros. Terán dereito ao cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir cando concorra algunha das causas presentes na vixente lexislación.

Os membros do Tribunal Cualificador valorarán a entrevista a realizar polos/as demandantes de emprego, así como os méritos debidamente xustificadas polos solicitantes. Quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección. Tolo elo sen prexuízo de que poida dispoñer ao respecto o propio órgano de selección, que velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade, así como os aspectos aos que fai referencia a orde reguladora das axudas.

## **6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.-**

As actividades selectivas terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas aos postos de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e unha valoración de méritos seguindo o procedemento marcado pola Circular de instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de data 17/04/2026, que indica que a entrevista non será eliminatória e correspóndelle a equivalente a 35% ,se só se ten en conta a valoración de méritos e o 20% no caso de que se practique algún tipo de proba ademais da valoración de méritos.

### **a) ENTREVISTA (3,5 puntos)**

O Tribunal en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de **3,5 puntos**.

**Os aspirantes serán convocados para esta entrevista nun único chamamento, sendo excluídos do proceso de selección os que non comparecesen, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e discrecionalmente apreciados polo tribunal. As razóns ou**





**probas xustificativas da ausencia formularanse e, no seu caso, presentaranse dentro das 24 horas seguintes á celebración desta entrevista.**

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

**b) MÉRITOS (6,5 puntos)**

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto nas bases, os candidatos/as deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de sexa avaliada polo tribunal.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, en base os seguintes criterios. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de **6,5 puntos**.

**BAREMO**

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

1) Experiencia profesional/docente:

- Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada 12 meses completos de traballo ata un máximo de **3 puntos**.
- Experiencia profesional coa titulación ou na ocupación exixida nestas bases para o posto de traballo: 0,50 puntos por cada 12 meses completos de traballo ata un máximo de **2 puntos**.
- O período mínimo de experiencia profesional exixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- no caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases.
- no caso de traballadores/as autónomo/ass: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE ou certificado de Sistemas de previsión alternativo a Seguridade Social.
- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.





## 2) Cursos de formación:

- Curso de “Especialización docente” (100 horas): 0,25 puntos.
- Curso de “Metodoloxía didáctica” (150 horas): 0,50 puntos.
- Curso de ”Formador de formadores” (400 horas): 1 punto.
- Curso de “Docencia da Formación Profesional para o Emprego” (SSCE0110): 1 punto.
- Máster secundaria ou CAP: 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou máster a maiores do mínimo esixido polo correspondente certificado de profesionalidade.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **1 punto**.

## 3) Coñecementos de lingua galega:

- Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de **0,50 puntos**.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web ([www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)) a efectos de posibles reclamacións durante un periodo de dous días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

## 7.- LISTA DE APROBADOS.-

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web ([www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)) a lista definitiva por orde de puntuación obtida (suma da entrevista persoal e a valoración de méritos).

No suposto de empate terá preferencia a persoa que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atope en situación de desemprego.





Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou mais persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

A puntuación obtida no apartado de experiencia como director/a

A puntuación otorgada no apartado de experiencia profesional con titulación.

A puntuación resultante no apartado de coñecemento do idioma galego.

A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.

A persoa de maior idade.

O Tribunal calificador, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha listaxe de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao director.

## **8.- SELECCIÓN E NOMEAMENTO.-**

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, polo órgano de selección levantarase a correspondente acta e publicarase edicto no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web ([www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)), no que se ordenarán os candidatos por orde de puntuación obtida. Elevarase proposta ao Sr. Alcalde-Presidente, que procederá a ditar resolución ao respecto e a formalización dos contratos laborais, conforme ao previsto na vixente lexislación.

## **9.- DISPOSICIÓN FINAL.-**

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade con establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web ([www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)) ante o Alcalde do Concello de As Nogais, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na súa páxina web





([www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es)) de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que puidese considerar mais conveniente para o seu dereito.

Tocante ao previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

En As Nogais, na data da sinatura indicada ao marxe  
O Alcalde-Presidente,  
Jesús Manuel Nuñez Díaz





### ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE

D/<sup>a</sup>.....con D.N.I.  
nº..... con enderezo (para efectos de notificacións)  
na R/.....nº..... piso.....  
C.Postal.....Localidade.....  
Municipio.....Provincia.....Teléfono....., correo  
electrónico.....

Recibida a oferta da Oficina de Emprego de Becerreá, para participar na selección de persoal para o Obradoiro de Emprego Vía König VII promovido polo Concello de As Nogais e coa participación dos Concellos de Becerreá e Baralla para a contratación laboral temporal a tempo completo de 1 prazas de DIRECTOR do Obradoiro de Emprego.

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do As Nogais para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Polo exposto **SOLICITO** rexistar a documentación seguinte para a valoración de méritos:  
(TACHAR O QUE PROCEDA)

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego, no seu caso.
- Xustificante da Vida Laboral.
- Título académico:
- 
- Cursos recibidos:






- 
- 
- 
- Coñecemento da lingua galega:
- Outros: (especificar)
- .....
- .....

As Nogais, ....., de.....de 2021  
O/A solicitante,

Asdo.: \_\_\_\_\_



**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NOGAIS**

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE AS NOGAIS para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE AS NOGAIS na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Rosalía de Castro, s/n - 27677 - As Nogais (Lugo) .

